

Carmen del Río Rodríguez, Secretaria Accidental do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 8 de setembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"3.- SUBVENCIONS

3.2.- Concesión subvención nominativa para a 28 edición do Festival POPXIRIAPOP.

ANTECEDENTES DE FEITO

O Concello de Carballo ten entre as súas finalidades promover a cultura e a realización de actividades culturais apoiando o papel doutros organismos e entidades na organización destas actividades, así como a celebración das mesmas en todo o municipio.

Coa finalidade de promover a cultura no noso Municipio coma factor de desenvolvemento e identidade e posibilitar o exercicio dos dereitos culturais, así como, o impulso da participación dos cidadáns de Carballo nos procesos de creación e dinamización cultural, a Concellaría de Cultura desenvolve un amplo programa de promoción e fomento cultural.

O desenvolvemento do programa de acción do Concello de Carballo require da colaboración co outras administracións, organismos ou entidades con intereses e funcións complementarias ás do Concello, que poden diversificar e enriquecer a nos oferta.

O Festival Poxiriapop é un festival de música pop organizado pola A. C. O Molete Psicopop que pretende a difusión da música e cultura pop entre os veciños da comarca de Bergantiños, así como achegar a música e aos músicos entre os cidadáns e contribuír á dinamización sociocomunitaria. Este festival realízase de maneira estable en Carballo desde hai 28 anos. A calidade da súa programación e o carácter alternativo dos grupos contratados, con presenza internacional en cada edición, converteuno nunha actividade de prestixio que forma parte da oferta cultural estable de Carballo e que atrae a numerosos afeccionados á cultura pop.

Aínda sendo un festival de pequeno formato, a calidade e proxección do Festival Poxiriapop avalan o seu carácter excepcional, non existindo ningunha outra acción de similares características en Carballo nin unha convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do Concello dirixida a eventos similares.

O 30 de xullo de 2025 a Asociación Cultural O Molete Psicopop presentou unha solicitude de subvención, que emendou o día 5 de setembro, para a realización da 28 edición do Festival Poxiriapop os días 19 e 20 de setembro no EspazoCasino1889 de Carballo. O programa do festival inclúe 8 actuacións das que 2 son de grupos internacionais, 2 nacionais e 4 galegas.

No orzamento municipal de 2025, contéplase unha subvención para o Festival Poxiriapop por un importe de 8.000 € a favor da Asociación Cultural O Molete Psicopop. Este gasto irá con cargo da aplicación orzamentaria "3340. 48901 Subvencións actividades culturais nominativas" do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2025.

Esta aportación económica ten o carácter de subvención nominativa, e así ven prevista na base vixésima novena das bases de execución do Orzamento para 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000018

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúen competencias aos concellos de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais e o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencia propia dos concellos a promoción da cultura, entre as que se atopan o fomento de actividades que poñan en valor o patrimonio material e inmaterial do municipio.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP) no seu artigo 47.1 define os convenios como “os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. (...) Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

O órgano municipal competente para adaptar o presente acordo é a Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía mediante Decreto 1646/2023, do 22 de xuño, de designación de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados e sendo de interese para o Concello de Carballo a realización desta actividade de promoción musical que enriquece a oferta cultural e de lecer do municipio, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro.- *Conceder unha subvención á Asociación Cultural O Molete Psicopop (CIF G70101969) por un importe de oito mil euros (8.000 €) para a realización da 28 edición do Festival Popxiriapop os días 19 e 20 de setembro de 2025.*

A calidade e proxección do festival avalan o seu carácter excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa, tendo un carácter único en Carballo, de interese social e cultural singular para o concello, así como de interese para o público, non existindo ningunha outra acción de similares características nin unha convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do Concello dirixida a eventos similares. A A. C. O Molete Psicopop non dispón de fondos propios cos que facer fronte a este proxecto de interese xeral e precisa axudas públicas para o seu financiamento.

Esta aportación económica ten o carácter de subvención nominativa (subvencións directas de carácter excepcional), e así ven prevista na base vixésima novena das bases de execución do Orzamento para 2025.

Este gasto irá con cargo da aplicación orzamentaria “3340.48901 Subvencións actividades culturais nominativas” do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2025 (retención de crédito número 220250010292 do 05/09/2025).

O pago realizarase mediante transferencia bancaria unha vez realizada a actividade e xustificada de acordo co que se establece nestas bases.

Segundo consta na memoria presentada pola asociación (registro de entrada do 30/07/2025 e do 05/09/2025) nas que constan os obxectivos do programa, nome da actividade, ámbito de actuación, data e lugar de celebración, breve descrición da actividade e programa previsto, destinatarios e número de participantes previsto, outras entidades que colaboran e presuposto desglosado de gastos e ingresos. Esta actividade conta cun presuposto de gastos de 15.719,82 € e un presuposto de ingresos de 15.719,82 €.

Segundo consta na dita solicitude presentada pola A. C. O Molete Psicopop o programa previsto é o seguinte:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000018

- **DÍA 19:** Actuación dos grupos Mentah (Ferrol), Glándula (Hamburgo), Pelazo (Asturias) e Roy Moller &Fuel Crisis (Escocia)

- **DÍA 20:** Actuación dos grupos The Family Folks (Vigo), The Bo Derek´s (Vigo), The Wavy Gravys (O Grove) e Hendrik Roever & Los Míticos GT´s (Cantabria)

O lugar de celebración proposto é o EspazoCasino1889 de Carballo.

Esta subvención do Concello de Carballo é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

Non obstante, no caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Segundo.- A Asociación Cultural O Molete Psicopop está obrigada a:

- a) Organizar e levar a cabo a 28 edición do Festival Poxiriapop de acordo co programa que se recolle.
- b) Se debido a algún imprevisto se producira algún cambio significativo no programa, a Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá comunicarllo ao Concello de Carballo coa maior inmediatez posible e este deberá autorizar o dito cambio.
- c) A Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá contar cos permisos e autorizacións precisos para a celebración da actividade, o uso dos terreos ou espazos onde se celebran as actividades, así como da documentación necesaria para a instalación das infraestruturas. No caso de que se ocupe o vía pública deberá presentarse unha solicitude específica. En calquera caso o interesado deberá garantir os accesos a garaxes e negocios afectados así como a posibles emerxencias.
- d) A Asociación Cultural O Molete Psicopop colaborará no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello e comunicará calquera outra subvención que soliciten ou se lles conceda para a mesma finalidade.
- e) A Asociación Cultural O Molete Psicopop fará constar nos materiais de difusión e publicidade que xere esta actividade o financiamento do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- f) A Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá presentar a xustificación da actividade subvencionada nos prazos e condicións establecidos.
- g) A Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- h) A Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- i) A Asociación Cultural O Molete Psicopop deberá asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

Terceiro.- A asociación terá que xustificar o cumprimento da actividade subvencionada mediante a presentación da documentación que se indica no prazo que se establece a continuación:

1. Prazo de presentación da documentación xustificativa.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000018

O beneficiario da subvención deberá presentar a xustificación da actividade subvencionada antes do 31 de outubro de 2025.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o Servizo de Cultura requiriralle para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de subvencións.

2.Documentación xustificativa:

- *Declaración da realización do programa de actividades obxecto de subvención e memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- *Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas das Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. O importe das axudas recibidas e os ingresos obtidos non poderán superar o custe total da actividade ou proxecto que se quere desenvolver. No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas*
- *Relación detallada e clasificada de gastos e ingresos do 28 Festival Poxiriapop, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.*
- *Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas dos gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio por un importe igual ou superior a 7.000 €.*
Considéranse gastos subvencionables os vencellados directamente coa realización do Festival Xiriapop 2025, e respecten os límites da normativa aplicable. Considéranse gastos subvencionables todos aqueles nos que se incurra ao longo do período de actividade establecido directamente relacionados coa actividade subvencionada e aqueles nos que se incurra para a preparación da actividade que tivera que ser cancelada por causas de forza maior ou caso fortuíto non imputable á organización, como consecuencia da declaración do estado de alarma ou restricións no desenvolvemento das actividades.
- *Documentos que demostren a realización da actividade, como noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis... no caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarse o motivo.*
- *Copia dos documentos ou elementos empregados para a difusión da actividade (folletos, carteis, cartas ou outro material de difusión) nos que conste a colaboración do Concello de Carballo.*
- *Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social.*
- *O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.*
- *O Concello de Carballo fará unha consulta electrónica automatizada para comprobar que as entidades solicitantes están ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de que a entidade interesada se opoña a esta consulta, deberá de indicalo no impreso de solicitude e achegar o devandito documento.*
- *Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública.*

Cuarto.- *En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, o concello de Carballo remitirá á Base de datos nacional de subvencións información sobre a concesión da subvención.*

O Concello de Carballo resérvase o dereito de orientar tecnicamente as actividades, comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer públicamente a actividade subvencionada.

Quinto.- *Para o non previsto neste acordo de concesión será de aplicación:*

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvencións.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000018

- *R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde